



III MOSTRA DE CUARTETOS TRADICIONAIS DE GALICIA

DO 1 O 13 DE NOVEMBRO DO 2005

ACTIVIDADES

- **EXPOSICIÓN (2 ó 13 de Novembro)**

A exposición terá lugar no Museo Municipal Manuel Torres de Marín, está integrada por fotografías, recortes de prensa da época, os instrumentos que usaban, vestuario do cuarteto, referencias visuais da súa zona de influencia e todo elo acompañado de fichas explicativas que faciliten a súa comprensión. A exposición permanecerá aberta durante toda a mostra. O Horario do museo e de 11:00 a 14:00, e de 18:00 a 21:00, pecha os luns e os domingos so abre pola mañán.

Durante a exposición organizaranse visitas didácticas cos centros escolares que esten interesados no que se lle entregará material didáctico e se lle dará unha charla sobre a música tradicional e sobre os cuartetos en particular.

ASOCIACION FOLCLORICA



GAITEIROS DA XISTRA



- **SERÁN MAGOSTO (sábado 5 de Novembro)**

Organizase un Magosto na Casa da cultura de Mogor (Marín) que estará aberto a participación de todolos cuartetos que o desexen potenciando a participación de cuartetos que esten comezando e facilitando que experimenten a sensación de animar unha festa popular como facían os cuartetos nos seus orixenes.

Haberá castañas e filloas artesanais de balde e bebidas a precios populares.



- **CHARLA TÉCNICA (sábado 12 de Novembro 16:30h)**

" O Bombo na nosa música "

Pablo Carpintero falará da morfoloxía do bombo en Galicia, dos distintos usos e nomes, e do proceso polo cal o bombo pasa a ser empregado como acompañamento da gaita e doutros instrumentos.



- **MESA REDONDA (sábado 12 de Novembro 18:30h)**

" Os Cuartetos, mimetismo ou busca da polifonía "

Na mesa redonda ou coloquio, formada por Pablo Carpintero, Dubi Méndez, Pepe Temprano e moderada por José Presedo, afondarase sobre a orixe dos cuartetos de dúas gaitas, tambor e bombo, e se a clave do éxito deste tipo de formación, foi o afán por copiar o grupo con mais sonda de Galicia, Os Gaiteiros

de Soutelo, ou a busca da polifonía deixando atrás as melodías ó unísono.



- **CONFERENCIA (sábado 12 de Novembro 20:30 h)**

" OS MORENOS DE LAVADORES "

Xerardo F. Santomé, membro dos gaiteiros da Xistra, fará unha semblanza deste grupo, para despois abrir un diálogo con Xosé Suárez, bombeiro dos Morenos e único membro con vida do grupo.

A conferencia irá acompañada dun material de apoio que se entregará os participantes.



ASOCIACION FOLCKLORICA



GAITEIROS DA XISTRA

- **ACTUACIÓN MUSICAL (sábado 12 de Novembro 21:00 h)**

Pecharase a mostra, coa actuación duns cuartetos que nos amosarán unha pequena parte do repertorio dos Morenos.

- **CEA GAITEIRA (sábado 12 de Novembro 22:00 h)**

A cea terá lugar no merendero da praia de Mogor, con amplo aparcadoiro e amplo gaitódromo, e terá un prezo de 20€

Para esta cea será preciso apuntarse antes do xoves 10, chamando o 616523269 Raul,(Chamar polas tardes) ou na dirección de correo electrónico :

xantargaiteiro@mostradecuartetos.com